



BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DA PRAZA DE ARQUITECTO/A DO CONCELLO DE CEE PARA FUTUROS NOMEAMENTOS. REVISIÓN PUNTUACIÓNS PRIMEIRA PROBA.

Reunido con data 30/09/2020 no Salón de sesións do Concello de Cee o tribunal de selección para proceder á revisión das alegacións presentadas ás listas provisionais de puntuacións da primeira proba do proceso selectivo celebrada o 04/09/2020.

- Con data 08/09/2020 e nº de rexistro 2020090000001024 DNI 473****0T
- Con data 10/09/2020 e nº de rexistro 2020090000001047 DNI 473****2K
- Con data 15/09/2020 e nº de rexistro 2020999000000776 DNI 361****1W

ALEGACIÓNS PREGUNTA 8.

Redacción da pregunta segundo o cuestionario.

8 Os actos contrarios ao ordenamento xurídico:

- a) *Son nulos de pleno dereito.*
- b) *Son válidos.*
- c) *Caducan antes.*
- d) *Non é certa ningunha das anteriores.*

Resposta válida segundo a plantilla de corrección: A

Alegacións formuladas

Considerase que a resposta a) é incompleta e inexacta por interpretación do art. 47 da L 39/2015 e solicita a anulación desta pregunta.

Anulación da pregunta

Conforme a redacción literal do art. 47 da L 39/2015, poderían resultar válidas tanto a resposta a) como a d):

Artículo 47.

*1. Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes:
(...)*

f) Los actos expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos esenciales para su adquisición.

En consecuencia, **o tribunal acorda anular a pregunta 8** pasando a considerar a 1ª pregunta de reserva.

ALEGACIÓNS PREGUNTA 17.

Redacción da pregunta segundo o cuestionario.

17 Son entidades territoriais:

- a) *A mancomunidade.*
- b) *Só a provincia.*
- c) *Todas as entidades menos os consorcios.*
- d) *O municipio, a provincia e a área metropolitana.*

Resposta válida segundo a plantilla de corrección: D

Alegacións formuladas



Considerase que non hai resposta válida por interpretación da L 7/1985.

Confirmación da resposta válida

O municipio e a provincia teñen a consideración de entidades territoriais pola L 7/1985. As mancomunidades e consorcios non teñen entidade territorial, o que invalida as respostas a) e c). A área metropolitana ten a consideración de entidade territorial polo artigo 2 da LG 5/1997 que determina o seguinte:

Artigo 2

- 1. Gozan da condición de entidades locais non territoriais as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores.*
- 2. As áreas metropolitanas terán a consideración de entidades locais supramunicipais de carácter territorial.*

En consecuencia, **confirmando a resposta d) como única válida, cómpre rexeitar o alegado.**

ALEGACIÓNS PREGUNTA 17.

Redacción da pregunta segundo o cuestionario.

23 Sinállese a incorrecta. A L 9/2017 clasifica as obras nos seguintes tipos:

- a) Primeiro establecemento.*
- b) Demolición.*
- c) Reparación simple.*
- d) Rehabilitación.*

Alegación formulada

Considerase que non hai resposta válida por interpretación da L 9/2017. Como se indica nesta alegación o artigo 232 da L 9/2017 inclúe no seu apartado a) xunto coas obras de 1º establecemento tamén as de reforma, restauración, rehabilitación ou grande reparación, polo que a resposta d) tampouco sería válida ao igual que as anteriores.

Anulación da pregunta

Corresponde anular esta pregunta pasando a considerar a 2ª pregunta de reserva.

ALEGACIÓNS PREGUNTA 40.

Redacción da pregunta segundo o cuestionario.

40 Os títulos de concesión sobre un espazo libre público teñen un prazo limitado a:

- a) 75 anos.*
- b) 99 anos.*
- c) Carecen de límite.*
- d) O prazo definido en proxecto.*

Resposta válida segundo a plantilla de corrección: B

Alegación formulada

Considerase que a resposta correcta é a) e non b) por interpretación da L 33/2003.

Substitución da resposta válida

O RD 1372/1986 na súa redacción actual sinala no seu artigo 79 o seguinte:

Art. 79.

En ningún caso podrá otorgarse concesión o licencia alguna por tiempo indefinido. El plazo de duración máximo de las concesiones será de noventa y nueve años, a no ser que por la normativa especial se señale otro menor.

Non obstante, sendo esta redacción anterior á entrada en vigor da L33/2003, funciona con carácter xeral a limitación de 75 anos prevista nesa lei para as concesións de dominio público coas únicas excepcións que establezan as normativas sectoriais cando fixen prazos inferiores.



En consecuencia, considérase a resposta a) como única válida, conforme o alegado.

O Tribunal procede de novo á corrección dos cuestionarios tendo en conta o acordado en relación ás alegacións presentadas resultando as seguintes puntuacións:

DNI	PRESENTADO EXERCICIO 1	ACERTOS	ERROS	EN BRANCO	PUNTUACIÓN TOTAL	SUPERA E1
3281****1Z	SI	34	3	3	32,5	SUPERA
3329****0X	SI	26	8	6	22	SUPERA
3548****8G	SI	19	5	16	16,5	NON SUPERA
3557****8A	SI	23	6	11	20	SUPERA
3612****1W	SI	31	3	6	29,5	SUPERA
3616****4Y	SI	20	12	8	14	NON SUPERA
4736****0T	SI	35	4	1	33	SUPERA
4738****2K	SI	34	3	3	32,5	SUPERA
4738****2W	SI	15	4	21	13	NON SUPERA
7741****7K	SI	26	4	10	24	SUPERA
7932****7D	SI	16	6	18	13	NON SUPERA
7933****0Q	SI	23	12	5	17	NON SUPERA

Convócase para a segunda proba que se celebrará o **martes, 10/11/2020, na sala de informática da Casa da Cultura de Cee (3º andar), ás 09:30 horas**, aos seguintes aspirantes:

DNI	PRESENTADO EXERCICIO 1	ACERTOS	ERROS	EN BRANCO	PUNTUACIÓN TOTAL	SUPERA E1
3281****1Z	SI	34	3	3	32,5	SUPERA
3329****0X	SI	26	8	6	22	SUPERA
3557****8A	SI	23	6	11	20	SUPERA
3612****1W	SI	31	3	6	29,5	SUPERA
4736****0T	SI	35	4	1	33	SUPERA
4738****2K	SI	34	3	3	32,5	SUPERA
7741****7K	SI	26	4	10	24	SUPERA

[Os aspirantes deberán asistir provisto do seu D.N.I. (orixinal) e mascara por prevención ante a Covid-19.]

As alegacións poderán presentarse dende o 13/10/2020 ata o 26/10/2020, ambos incluídos, no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste último caso, deberán adiantar por fax, un resguardo de ter presentado a alegación dentro do prazo de presentación.